

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.
CONCELLO DE FERROL.**

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 25 de agosto de 2023 , adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FERROL E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2023029457). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Organización Interna, que textualmente di:

“ A Lei 57/2003, no seu artigo primeiro adiciona dous novos títulos, o X e XI, á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O título X no seu artigo 121 establece o ámbito de aplicación, sinalando que será de aplicación os municipios: a) Con poboación superior ós 250.000 habitantes; b) Os municipios capitais de provincia con poboación superior ós 175.000 habitantes; c) Os municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas; e d) Ós municipios con poboación superior a 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.

O Concello de Ferrol ó amparo do disposto no apartado d) do artigo 121.1, por acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de marzo de 2004, co quórum da maioría absoluta legal, acordou solicitar do Parlamento de Galicia a integración do Concello de Ferrol, no ámbito de aplicación do réxime orgánico establecido no título X da Lei 7/1985 para os municipios de gran poboación.

A Comunidade Autónoma por Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación ós Concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 130 do 7 de xullo de 2004 e no Boletín Oficial do Estado nº 187 do 4 de agosto de 2004, dispón a integración do Concello de Ferrol no réxime previsto para os concellos de gran poboación.

Esta Lei dispón a aplicación, por entender que concorren as circunstancias de carácter obxectivo esixidas para no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, do réxime de organización dos municipios de gran poboación contemplado no dito título ó Concello de Ferrol.

Engade, non obstante, no artigo 2 da Lei 4/2004 que serán os Plenos municipais dos Concellos ós que é de aplicación, os que determinarán a aplicación desta lei ó réxime de organización dos respectivos concellos.

A pesar do tempo transcorrido o Concello de Ferrol nunca adoptou o acordo ó que se refire o artigo anterior polo que se mantivo ata o día de hoxe no réxime xurídico dos municipios de réxime común.

Polo que se somete ó Pleno da Corporación:

1.- Aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ferrol que seguirá a tramitación do artigo 49 da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

2.- Fixar, de conformidade, co apartado 2 da Lei de Galicia 4/2004, de 28 de xuño que o réxime dos municipios de gran poboación empezará a aplicarse no Concello de Ferrol o mesmo día de entrada en vigor do presente Regulamento.“

EMENDA GRUPO SOCIALISTA: “Don Ángel Mato Escalona, en calidad de Portavoz del grupo Municipal Socialista del Concello de Ferrol, presenta las siguientes enmiendas al reglamento de naturaleza orgánica del Concello de Ferrol:

ENMIENDA NÚMERO 1:

ARTICULO 29

SUSTITUCIÓN:

TEXTO ORIGINAL:

“Artigo 29. Asistencia pública.

1. Serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española cando así se acorde por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Para que non se altere o ritmo da sesión, estes asuntos, serán incluídos ao principio da orde do día, a continuación da aprobación da Acta da sesión anterior.”

TEXTO PROPUESTO:

“Artigo 29. Asistencia pública.

1. Serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española cando así se acorde por maioría **de dous terzos** do número legal de membros da Corporación. Para que non se altere o ritmo da sesión, estes asuntos, serán incluídos ao principio da orde do día, a continuación da aprobación da Acta da sesión anterior.”

ENMIENDA NÚMERO 2:

ARTÍCULO 33.2

SUSTITUCIÓN:

TEXTO ORIGINAL:

“2. Na sesión extraordinaria que ha de convocarse dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde, o Pleno acordará o día e a hora en que haberán de celebrarse as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda. Así mesmo, o Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos Portavoces dos Grupos Políticos, poderá por causa xustificada adiantar ou atrasar ditas datas e horas, mesmo no caso de que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente.”

TEXTO PROPUESTO:

“2. Na sesión extraordinaria que ha de convocarse dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde, o Pleno acordará o día e a hora en que haberán de celebrarse as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días

despois, á mesma hora, en segunda. Así mesmo, o Alcalde, **oidos os Portavoces dos Grupos Políticos**, poderá por causa xustificada adiantar ou atrasar ditas datas e horas, mesmo no caso de que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente.”

ENMIENDA NÚMERO 3.

ARTÍCULO 33.3

ADICIÓN:

TEXTO PROPUESTO:

“33.3: Al menos una vez al año, se incluirá en el orden del día del pleno ordinario un punto denominado debate del estado del municipio, en este punto se analizará la acción del gobierno municipal, la ejecución presupuestaria, el grado de cumplimiento de los compromisos adquiridos y la posibilidad de realizar propuestas por parte de todos los grupos municipales que compongan la corporación municipal.”

ENMIENDA NÚMERO 4.

ARTÍCULO 49.3.

SUSTITUCIÓN.

TEXTO ORIGINAL:

“3. A orde de intervención dos Grupos nesta quenda de réplica será inverso ao número de Concelleiros que os integran.”

TEXTO PROPUESTO:

“3. Irá determinado por el número de concejales de cada grupo por orden de menor a mayor.”

ENMIENDA NÚMERO 5.

ARTÍCULO 59

SUSTITUCIÓN.

TEXTO ORIGINAL:

“7. Pregunta. - É calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas para a súa resposta todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus Portavoces.

Nas preguntas, que serán orais, todos os membros da Corporación e os Portavoces dos grupos municipais poderán formular ao Goberno Municipal preguntas de resposta oral nos Plenos ordinarios..

Poderán presentarse por cada grupo ata un máximo dunha pregunta por tempo máximo dun minuto de resposta oral en cada Pleno ordinario,

O Alcalde ou Presidente non admitirá a trámite as preguntas nos seguintes casos:

- As que se refiran a asuntos alleos ás competencias municipais.
- As que sexan de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada.
- As que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídico.”

TEXTO PROPUESTO:

“7. Pregunta. - É calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas para a súa resposta todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus Portavoces.

Nas preguntas, que serán orais, todos os membros da Corporación e os Portavoces dos grupos municipais poderán formular ao Goberno Municipal preguntas de resposta oral nos Plenos ordinarios..

Poderán presentarse por cada grupo **o mesmo número de preguntas que concelleiros e concelleiras compoñan dito grupo municipal** por tempo máximo dun minuto de resposta oral en cada Pleno ordinario,

O Alcalde ou Presidente non admitirá a trámite as preguntas nos seguintes casos:

- As que se refiran a asuntos alleos ás competencias municipais.
- As que sexan de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada.
- As que supoñan unha consulta de índole estritamente xurídico.

”59.7: Cada grupo tendrá derecho a una pregunta por cada concejal que forme su grupo.

ENMIENDA NÚMERO 6.

ARTÍCULO 60. SUPRESIÓN

TEXTO A SUPRIMIR:

“Artigo 60. Prohibición de reiteración de controis sobre o mesmo obxecto.

O control e fiscalización que puidese exercer o Pleno sobre a actuación dalgún órgano en relación con materias concretas e determinadas non poderá ser obxecto de novo control, salvo que se produciran novas circunstancias ou existan outras que non puidesen ser tomadas en consideración no seu día.”

ENMIENDA NÚMERO 7

ARTÍCULO 69.6 ADICIÓN:

TEXTO PROPUESTO:

“69.6. Cualquier miembro de la corporación podrá asistir a las comisiones sin voz ni voto.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria realizou tres votacións:

1º.- Someteuse a votación a urxencia, trala petición de varios grupos de que quedase o asunto **SOBRE A MESA**, foi aprobada por trece votos a favor correspondentes ós Sres/as. Membros do grupo Popular, fronte a doce votos en contra, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ferrol en Común.

2º.- **ENMENDAS DO GRUPO SOCIALISTA**, que foron rexeitadas por trece votos en contra correspondentes ós Sres/as. Membros do grupo Popular, fronte a doce votos a favor, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ferrol en Común.

3º.- **PROPOSTA** que foi aprobada por trece votos a favor correspondentes ós Sres/as. Membros do grupo Popular, fronte a doce votos en contra, correspondentes ós Sres./as membros dos grupos Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ferrol en Común. “

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE